



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

M^a Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

CERTIFICO:

Que na sesión extraordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o 11 de marzo de 2020, adoptouse o acordo seguinte:

“Punto 1.- Adopción de acordo en orde á adaptación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) ás porcentaxes de vivenda sometida a algún tipo de protección

“O Plan Xeral de Ordenación Municipal foi aprobado definitiva e parcialmente por Orde do 11 de marzo de 2009 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e completouse a súa aprobación por Orde do 11.12.2014 da C.M.A.T.I., DOG Nº 16 de 26.01.2015 e BOP Nº 29 de 12.02.2015.

O Plan Xeral de Oleiros deséñase cunha capacidade de solo residencial suxeito ao réxime de protección oficial que no conxunto das diferentes clasificacións de solo de nova urbanización acadaba o 33,86%, cumprindo con amplitude o estándar establecido na Lei 8/2007 do Solo.”

O Concello pleno en sesión de 9 de xullo de 2014 , ao amparo da Lei de 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia e da Resolución de 6 de marzo de 2014 pola que se fixaban as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida, adoptou acordo en relación a unha rebaixa da porcentaxe de reserva de solo para vivenda protexida prevista no PXOM de Oleiros, deixándoo no 10% e a súa aplicación respectando a distribución porcentual do plan xeral a cada unha das áreas de reparto.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, por Resolución de 13 de febreiro de 2020, publicou as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida correspondentes ao ano 2020. (DOG núm. 36 de 21 de febreiro) e, en concreto para o Concello de Oleiros, a porcentaxe aplicable fixouse en 4´77%, sendo a porcentaxe media para o conxunto de Galicia de 6´40%.

As dificultades para o alleamento das parcelas municipais destinadas á edificación e promoción de vivendas protexidas poñen de manifesto pouco interese dos promotores neste tipo de vivendas, quizá debido a que as axudas públicas van dirixidas ao aluguer de vivendas, ao fomento da renovación e a rexeneración urbana e rural, á conservación, mellora da seguridade de utilización e accesibilidade de vivendas, ou ben a outros programas para mozos e para persoas maiores que esixen instalacións e servizos comúns, pero os terreos dispoñibles non se adaptan a iso. De aí que o Concello exponse de novo rebaixar as porcentaxes de vivenda sometida a algún tipo de protección.

Ao mesmo tempo preocupa o encarecemento do prezo da vivenda xerado polo que se denomina “crise de acceso á vivenda”, provocada polo desplome do desenvolvemento residencial protexido (segundo datos do Ministerio de Fomento as vivendas protexidas terminadas entre 1991 e 2012 eran case 60.000 vivendas protexidas ao ano, mentres que a suma dos dous últimos anos alcanza pola mínima as 10.000 unidades, o que converte a 2017 e 2018 nos peores exercicios da historia). Segundo as asociacións de promotores e taxadores, a este desplome do desenvolvemento residencial protexido hai que sumar que o paro xuvenil segue sendo alto e que na última Enquisa de Poboación Activa do INE, o colectivo de entre 25 a 29 anos rexistra unha taxa de paro do 19,5%, case cinco puntos por encima da media nacional e ademais, moitos dos que traballan fano cun contrato temporal e cuns soldos que non terminan de remontar: segundo a Enquisa Anual de Estrutura Salarial do INE, os mozos de entre 25 e 29 anos gañan case un 10% menos que en 2008. Os expertos din que “está a crecer con forza a demanda de vivenda alcanzable e en España ata un 70% das familias xa só poden acceder a unha vivenda a un prezo social e a realidade é que nos últimos anos vimos unha redución brutal deste tipo de produto”.

No ano 2019 celebráronse reunións con promotores de vivenda para coñecer a súa opinión e buscar solución ao problema no que respecta á situación de Oleiros e os terreos do patrimonio municipal do solo que o Concello dispón para allear. A falta de axudas para a construción de vivendas de protección destinadas á venda, a escaseza do crédito bancario para a edificación de vivenda, a complexa tramitación asociada á protección oficial, a xestión das vivendas de protección destinadas ao aluguer, o cumprimento do código técnico de edificación, etc., non fan atractiva o investimento e promoción deste tipo de vivenda.



CONCELLO DE OLEIROS

Como solución o Concello ha decidido allear os seus solares do patrimonio municipal do chan destinados á construción de vivenda plurifamiliar con dúas modalidades:

- Limitando o prezo de venda das vivendas libres a construír.
- Destinalos á construción de vivenda de protección oficial para venda ou para aluguer suxeitándose á normativa de protección oficial calquera que sexa a modalidade, e con ou sen axudas oficiais.

Os informes técnicos emitidos, avalan que o prezo do solo repercutido sobre a vivenda, garaxes e rochos de protección están por debaixo do 25% máximo de repercusión permitido. A resolución dos procesos de venda de solo convocados poñerán de manifesto o interese dos promotores na construción de vivenda a prezo máis alcanzable.

Tamén observouse que reducindo a porcentaxe de reserva de solo para vivenda protexida indirectamente beneficiábase a aqueles sectores que o PXOM establecía unha alta carga de vivenda colectiva de protección:

- A maior porcentaxe de vivenda de protección prevista polo PXOM para os polígonos de solo urbano non consolidado e solo urbanizable delimitado, a redución da porcentaxe de reserva de solo de vivenda protexida transfórmase en maior porcentaxe de vivenda colectiva libre.

A fin de estimular o investimento privado na tipoloxía concreta de vivenda libre con prezo previamente taxado polo Concello e incidir na contención do prezo da vivenda e o acceso á vivenda con prezo alcanzable, estudouse a posibilidade de contemplar un uso e tipoloxía concreta –vivenda colectiva libre a prezo taxado polo Concello- a destinar a diferenza de porcentaxe de reserva de chan de protección oficial fixado polo acordo plenario do 9 de xullo de 2014 e a redución da porcentaxe actual sobre a base da Resolución do 13 de febreiro 2020.

Transcorrendo cinco anos desde o acordo plenario de adaptación do PXOM de Oleiros á lei 8/2012 de vivenda de Galicia en canto ás porcentaxes de vivenda sometida a algún tipo de protección, volve expoñerse a necesidade da súa adaptación e axuste.

Con data 26.02.2020 o arquitecto municipal emite **INFORME EN RELACIÓN COA POSIBILIDADE DE AXUSTE DA RESERVA DE VIVENDA SOMETIDA A ALGÚN RÉXIME DE PROTECCIÓN NO PXOM no que manifesta que (...)** “Na actualidade, en base ao acordo plenario adoptado en Pleno do 9 de xullo de 2014, o Plan Xeral de Oleiros prevé unha porcentaxe de reserva dun 10% da edificabilidade residencial prevista pola ordenación para os solos urbanizables e urbanos non consolidados.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo por Resolución de 13 de febreiro de 2020 publica as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida correspondentes ó ano 2020. (DOG, núm. 36 de 21 de febreiro de 2020).

En concreto para o Concello de Oleiros á porcentaxe aplicable se fixa en 6,40% coincidindo co porcentaxe medio para o conxunto de Galicia.

A variación entre esta porcentaxe e a prevista polo PXOM (10%) supera a diferenza mínima de 2 puntos porcentuais coa última publicada do 6,40%, polo tanto tal e como se regula no artigo 42 da Lei e conforme o procedemento sinalado no artigo 77.3 do D143/2016 (regulamento da LS) pódese proceder ó axuste de dita porcentaxe:

*“3. Cando se produza unha variación de máis ou menos dous puntos porcentuais da porcentaxe de reserva total de solo para vivenda protexida do concello establecida no plan xeral respecto da última publicada, o Pleno do concello, por maioría absoluta, e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, deberá acordar a modificación das porcentaxes de reserva e axustalos á resolución do Instituto Galego da Vivenda e Chan (artigo 42.9 da *LSG).”*

Xúntanse a este informe as táboas das porcentaxes de reservas para os solos urbano non consolidados e urbanizables, elaboradas para o acordo de 24.01.2014 de xeito que a reserva resultante sexa do 6,40%.

En todo caso estes axustes, de seren aprobados, poderanse aplicar aos ámbitos de planeamento nos que non estea aprobada a ordenación detallada e nos que non teñan aprobado definitivamente o proxecto de equidistribución.



CONCELLO DE OLEIROS

As reservas previstas están distribuídas polo Concello, tal e como previu o Plan Xeral de xeito que non se produce concentración algunha nin segregación territorial, favorecendo a cohesión social.

Distribúense polo distintos polígonos de cada distrito de solo urbano non consolidado, e en cada sector de solo urbanizable (agás os sectores delimitados en aplicación da Disposición Transitoria décimo terceira da LOUG por seren asentamentos xurdidos ó marxe do planeamento xa en parte consolidados).

A distribución do PRTC en cada clase de solo cumpre co requirido:

- No solo urbano non consolidado, a porcentaxe de edificabilidade residencial que se fixa como reserva para vivenda protexida en cada distrito é como xa se dixo:

Distrito Norte:	3,86%
Distrito Santa Cruz:	4,81%
Distrito Perillo-Montrove:	4,01%
Distrito Nós:	3,26%
Distrito Oleiros-Iñás:	4,51%

Compróbase que cada distrito supera a metade do PRTC que sería 3,20%.

- En cada sector de solo urbanizable, a porcentaxe de edificabilidade residencial que se fixa como reserva para vivenda protexida supera de novo o 3,20% oscilando entre un 4,92% e un 10,34%.

- No solo urbanizable non delimitado, a porcentaxe de edificabilidade residencial que se fixa como reserva para vivenda protexida é o 6,40% coincidindo co PRTC.

Nas seguintes táboas recóllense os axustes no reparto de usos para dar cumprimento a este axuste da reserva.

Na penúltima columna recóllense os m² de uso residencial de protección en cada polígono ou sector para dar cumprimento no conxunto do Plan Xeral coa porcentaxe do 6,40%.

Engádesse unha última columna coa diminución en m² que supón en relación coa anterior reserva que garantía un 10%.

Esta diminución é de 7.044,93 m² en solo urbano non consolidado, e de 25.620,04 m² en solo urbanizable delimitado, o que suma 32.664,97 m².

Esta diminución supón un 3,60% do total da edificabilidade residencial do solo urbano non consolidado e do solo urbanizable delimitado.

Elabora unha táboa, que é a que se eleva ao Pleno do Concello para a súa aprobación, na que se especifica para cada polígono e cada sector a reserva de solo para vivenda de protección e para vivenda con prezo limitado (...).”

Por todo o que procede que o Concello Pleno adopte acordo co seguinte contido:

PRIMEIRO.- Aprobar as novas porcentaxes de reserva de solo para vivendas sometidas a algún réxime de protección pública e as porcentaxes de reserva de solo para vivendas colectivas libres con prezo taxado polo Concello nos ámbitos de solo urbano non consolidado e solo urbanizable delimitado que figuran nas seguintes táboas.



CONCELLO DE
OLEIROS

TIPO DE SOLO	DENOMINACIÓN	EDIF. TOTAL	EDIF. RESID.	% Edif. outros usos	% edificabilidade residencial por tipos				% EDIF RES/ EDIF TOTAL	m ² RP (residencial de protección) PRTC6,40%	Diminución reserva respecto á anterior PRTC10% (A.P. 09/07/2014)
				%Comercial Terciario dotacional privado	% Resid. Colectiva	% Resid. Aislada	%Resid. Aislada Protección	% Resid. Colectiva protección			
	POL-1	1.080,00 m ²	1.080,00 m ²			100,00%			100,00%		
	POL-3	2.332,00 m ²	1.690,70 m ²	27,50%	72,50%				72,50%		
	POL-4	4.109,40 m ²	3.082,05 m ²	25,00%	69,25%			5,75%	75,00%	236,11 m ²	132,81 m ²
	POL-5	2.265,00 m ²	1.698,75 m ²	25,00%	75,00%				75,00%		
	POL-6	4.332,00 m ²	4.332,00 m ²			100,00%			100,00%		
	POL-7	7.963,20 m ²	6.370,56 m ²	20,00%	53,87%	20,00%		6,13%	80,00%	488,03 m ²	274,52 m ²
	POL-8	10.147,00 m ²	8.117,60 m ²	20,00%	73,87%			6,13%	80,00%	621,86 m ²	349,80 m ²
	POL-9	3.698,00 m ²	2.588,60 m ²	30,00%	70,00%				70,00%		
	POL-10	2.037,00 m ²	1.527,75 m ²	25,00%	75,00%				75,00%		
	POL-11	4.634,00 m ²	3.475,50 m ²	25,00%	75,00%				75,00%		
	POL-12	7.472,00 m ²	3.362,40 m ²	55,00%	43,28%			1,72%	45,00%	128,79 m ²	72,45 m ²
	POL-13	4.443,30 m ²		100,00%							
	POL-14	3.868,20 m ²	3.868,20 m ²			100,00%			100,00%		
	POL-15	5.847,00 m ²	5.481,56 m ²	6,25%	90,16%			3,59%	93,75%	209,96 m ²	118,10 m ²
	POL-16	14.087,50 m ²	12.397,00 m ²	12,00%	28,30%	53,00%		6,70%	88,00%	944,30 m ²	531,17 m ²
	POL-17	1.827,00 m ²	1.827,00 m ²		100,00%				100,00%		
	POL-18	2.621,40 m ²	2.228,19 m ²	15,00%	81,74%			3,26%	85,00%	85,35 m ²	48,01 m ²
	POL-19	3.080,00 m ²	2.618,00 m ²	15,00%	85,00%				85,00%		
	POL-20	1.813,00 m ²	1.450,40 m ²	20,00%	80,00%				80,00%		
	POL-21	2.856,70 m ²	2.285,36 m ²	20,00%	80,00%				80,00%		
	POL-22	12.740,00 m ²	9.555,00 m ²	25,00%	75,00%				75,00%		
	POL-23	4.500,00 m ²	3.375,00 m ²	25,00%	75,00%				75,00%		
	POL-24	12.274,20 m ²	12.274,20 m ²		16,17%	76,17%	3,83%	3,83%	100,00%	940,29 m ²	528,91 m ²
	POL-25	2.506,80 m ²	2.506,80 m ²		100,00%				100,00%		
	POL-26	3.253,60 m ²	3.253,60 m ²			88,51%	11,49%		100,00%	373,87 m ²	210,30 m ²
	POL-27	3.430,00 m ²	2.744,00 m ²	20,00%		80,00%			80,00%		
	POL-28	2.237,50 m ²	2.237,50 m ²		100,00%				100,00%		
	POL-29	3.240,60 m ²	3.240,60 m ²			100,00%			100,00%		
	POL-30	1.645,50 m ²	1.645,50 m ²			100,00%			100,00%		
	POL-31	5.448,75 m ²	3.814,13 m ²	30,00%	70,00%				70,00%		
	POL-32	5.453,40 m ²	3.953,72 m ²	27,50%	55,00%	17,50%			72,50%		
	POL-33	7.040,40 m ²	7.040,40 m ²			88,51%	11,5%		100,00%	809,01 m ²	455,07 m ²
	POL-34	3.369,10 m ²	3.369,10 m ²			94,25%		5,75%	100,00%	193,57 m ²	108,88 m ²
	POL-35	2.650,55 m ²	2.650,55 m ²			94,25%		5,75%	100,00%	152,29 m ²	85,66 m ²
	POL-36	2.823,10 m ²	2.823,10 m ²			94,25%		5,75%	100,00%	162,20 m ²	91,24 m ²
	POL-37	2.205,00 m ²	2.205,00 m ²			100,00%			100,00%		
	POL-38	7.494,50 m ²	6.175,47 m ²	17,60%	44,00%	38,40%			82,40%		
	POL-39	10.520,00 m ²	10.520,00 m ²			94,25%	5,7%		100,00%	604,43 m ²	339,99 m ²
	POL-40	2.860,50 m ²	2.860,50 m ²			100,00%			100,00%		
	POL-41	2.473,50 m ²	2.473,50 m ²			100,00%			100,00%		
	POL-42	5.860,50 m ²	5.860,50 m ²			100,00%			100,00%		
	POL-43	2.535,00 m ²	2.535,00 m ²			88,51%	11,5%		100,00%	291,30 m ²	163,85 m ²
	POL- MERA	2.232,60 m ²	2.232,60 m ²			100,00%			100,00%		
	POL-CABREIRA	8.521,20 m ²	8.521,20 m ²			100,00%			100,00%		
	POL-SUVIÑA	2.694,40 m ²	2.694,40 m ²			100,00%			100,00%		
	POL-A GRANXA	2.713,80 m ²	2.713,80 m ²			100,00%			100,00%		
	POL-VARIANTE DE MERA	2.678,40 m ²	2.678,40 m ²			100,00%			100,00%		
	POL-CABREIRA II	3.217,80 m ²	3.217,80 m ²			100,00%			100,00%		
	POL-SANTA CRUZ*	3.156,80 m ²	2.367,60 m ²	25,00%	45,00%	30,00%			75,00%		
	POL-FRANZOMEL I	3.994,00 m ²	3.994,00 m ²			100,00%			100,00%		
	POL-FRANZOMEL 2	1.082,80 m ²	1.082,80 m ²			100,00%			100,00%		
	POL-CORUXO	6.362,40 m ²	6.362,40 m ²			100,00%			100,00%		
	POL-CORUXO II	3.829,60 m ²	3.829,60 m ²			100,00%			100,00%		
	POL-O SEIXAL*	3.520,80 m ²	2.664,54 m ²	24,32%	52,98%	22,70%			75,68%		
	POL-OLEIROS	3.540,00 m ²	3.540,00 m ²		100,00%				100,00%		
	PERI-1-R	4.207,40 m ²	4.207,40 m ²			100,00%			100,00%		
	PERI-3-R	5.883,00 m ²	5.883,00 m ²			100,00%			100,00%		
	PERI-4-R	7.487,60 m ²	7.487,60 m ²			88,51%	11,5%		100,00%	860,40 m ²	483,98 m ²
	PERI-5-R	16.130,40 m ²	14.517,36 m ²	10,00%	29,11%	50,55%	3,4%	6,89%	90,00%	1.668,19 m ²	938,36 m ²
	PERI-6-R	13.599,20 m ²	12.919,24 m ²	5,00%	15,36%	68,72%	7,3%	3,64%	95,00%	1.484,55 m ²	835,06 m ²
	PERI-7-R	3.931,20 m ²	3.734,64 m ²	5,00%	15,36%	68,72%	7,3%	3,64%	95,00%	429,15 m ²	241,40 m ²
	PERI-8-R	3.300,00 m ²	3.300,00 m ²			100,00%			100,00%		
	PERI-9-R	5.260,50 m ²	5.260,50 m ²			100,00%			100,00%		
	PERI-11-R	6.007,50 m ²	6.007,50 m ²			100,00%			100,00%		
	PERI-12-R	9.370,20 m ²	9.370,20 m ²			96,17%	3,8%		100,00%	358,91 m ²	201,89 m ²
	PERI-13-R	19.342,40 m ²	19.342,40 m ²			92,34%	7,7%		100,00%	1.481,76 m ²	833,49 m ²
	PERI-14-R	3.133,00 m ²	2.506,40 m ²	20,00%	80,00%				80,00%		
		342.273,20 m²	307.030,16 m²							12.524,32 m²	7.044,93 m²



**CONCELLO DE
OLEIROS**

TIPO DE SOLO	DENOMINACIÓN	EDIF. TOTAL	EDIF. RESID.	% Edif. outros usos	% edificabilidade residencial por tipos				% EDIF RES/ EDIF TOTAL	m ² RP(residencial de protección) PTRC6,40%	Diminución reserva respecto á anterior PRTC10% (A.P. 09/07/2014)
				%Comercial Terciario dotacional privado	% Resid. Colectiva	% Resid. Aislada	%Resid. Aislada Protección	% Resid. Colectiva protección			
SOLO URBANIZABLE	SUD-1	15.789,00 m ²	12.631,20 m ²	20,00%	33,87%	40,00%		6,13%	80,00%	967,64 m ²	544,30 m ²
	SUD-2	24.929,50 m ²	24.929,50 m ²		32,34%	60,00%		7,66%	100,00%	1.909,77 m ²	1.074,25 m ²
	SUD-3	25.829,37 m ²	20.663,50 m ²	20,00%	73,87%			6,13%	80,00%	1.582,96 m ²	890,42 m ²
	SUD-4	64.790,05 m ²	48.592,54 m ²	25,00%	36,38%	30,00%		8,62%	75,00%	5.583,78 m ²	3.140,87 m ²
	SUD-5	39.610,62 m ²	25.746,90 m ²	35,00%	45,02%	15,00%		4,98%	65,00%	1.972,39 m ²	1.109,47 m ²
	SUD-6	52.413,00 m ²	41.930,40 m ²	20,00%	24,25%	49,62%	0,38%	5,75%	80,00%	3.212,15 m ²	1.806,84 m ²
	SUD-7	23.468,16 m ²	18.774,53 m ²	20,00%	73,87%			6,13%	80,00%	1.438,26 m ²	809,02 m ²
	SUD-8	15.930,64 m ²	15.930,64 m ²		24,25%	68,08%	1,92%	5,75%	100,00%	1.220,40 m ²	686,47 m ²
	SUD-9	28.634,40 m ²	28.634,40 m ²		92,34%			7,66%	100,00%	2.193,59 m ²	1.233,89 m ²
	SUD-10	81.636,03 m ²	65.308,82 m ²	20,00%	49,87%	24,00%		6,13%	80,00%	5.003,10 m ²	2.814,24 m ²
	SUD-11	128.641,45 m ²	110.104,22 m ²	14,41%	37,88%	42,79%		4,92%	85,59%	6.326,79 m ²	3.558,82 m ²
	SUD-12	43.734,80 m ²	39.361,32 m ²	10,00%	29,11%	54,00%		6,89%	90,00%	3.015,34 m ²	1.696,13 m ²
	SUD-13	17.004,40 m ²	15.303,96 m ²	10,00%	29,11%	54,00%		6,89%	90,00%	1.172,39 m ²	659,47 m ²
	SUD-14	15.270,80 m ²	13.743,72 m ²	10,00%	29,11%	54,00%		6,89%	90,00%	1.052,86 m ²	592,24 m ²
	SUD-15	33.586,40 m ²	30.227,76 m ²	10,00%	32,34%	50,00%		7,66%	90,00%	2.572,95 m ²	1.447,28 m ²
	SUD-16	8.960,70 m ²	8.064,63 m ²	10,00%	24,25%	58,85%	1,15%	5,75%	90,00%	617,81 m ²	347,52 m ²
	SUD-17	8.250,00 m ²	7.425,00 m ²	10,00%	24,25%	58,85%	1,15%	5,75%	90,00%	568,81 m ²	319,95 m ²
	SUD-18	49.659,72 m ²	44.693,75 m ²	10,00%	43,66%	36,00%		10,34%	90,00%	5.135,77 m ²	2.888,87 m ²
	SUD-19	16.862,00 m ²		100,00%							
	SUD-20	10.940,00 m ²	10.940,00 m ²			100,00%				100,00%	
	SUD-21	13.628,85 m ²		100,00%							
	SUD-22	7.066,00 m ²	7.066,00 m ²			100,00%				100,00%	
	SUD-23	10.257,20 m ²	10.257,20 m ²			100,00%				100,00%	
		736.893,09 m²	600.329,99 m²							45.546,73 m²	25.620,04 m²

- No solo urbanizable non delimitado, a porcentaxe de edificabilidade residencial que se fixa como reserva para vivenda protexida é o 6,40% coincidindo co PRTC.

A evolución dos axustes dos datos de reserva do Plan Xeral resultan os seguintes:

TIPO DE SOLO	Reserva segundo Plan Xeral por Orde de 11.12.2014 da C.M.A.T.I.			Reserva conforme primeiro axuste por acordo plenario de 9 de julio de 2014		Proposta actual de axuste ó PRTC da Resolución de 13 de febreiro de 2020 (DOG, núm. 36 de 21 de febreiro de 2020).	
	EDIFICABILIDADES RESID. TOTAL	RESID PROT	% edificabilidade RP	edificabilidade RP	edificabilidade RP	edificabilidade RP	edificabilidade RP
S.U.N.C.	307.030,16 m ²	65.395,35 m ²	21,30%	6,37%	19.569,25 m ²	4,08%	12.524,32 m ²
S.U.D.	600.329,99 m ²	237.820,86 m ²	39,62%	11,85%	71.166,77 m ²	7,59%	45.546,73 m ²
TOTAL	907.360,15 m²	303.216,21 m²	33,42%	10,00%	90.736,01 m²	6,40%	58.071,05 m²

SEGUNDO.- As porcentaxes de reserva de solo do apartado primeiro deste acordo se aplicarán aos polígonos de solo urbano non consolidado e sectores de solo urbanizable que non teñan aprobados definitivamente o proxecto de equidistribución.

TERCEIRO.- Comunicar o acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

CUARTO.- Proceder á publicación do acordo no DOG, no BOP e na Web municipal."

E para que conste expido este certificado de conformidade co que dispón o artigo 204 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. alcalde e coa advertencia á que a fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, asinado dixitalmente polo alcalde e por min, secretaria accidental, na data que figura na propia sinatura deste documento.-

Vº e Prace

O alcalde,

Ángel García Seoane